



>FOLLA INFORMATIVA

SOLICITUDE DE PRESTACIÓNS DE APOIO AO COMEDOR ESCOLAR CURSO 2026/2027

Na Ordenanza de Medidas pola Inclusión Social do Concello de Oleiros (BOP 91 do 24/10/2024) está recollida, no seu Título IV, a *prestación de apoio ao comedor escolar*.

Na ordenanza establece que o prazo ordinario de solicitude será no mes de xuño anterior ao inicio do curso escolar. Ademais no BOP do 29/05/2026 anunciouse o inicio do dito prazo.

O prazo de presentación de solicitudes para a prestación de apoio a comedor escolar para o curso 2026/2027 iniciárase o luns 1 de xuño e finalizará o martes 30 de xuño.

Esta prestación está dirixida a cubrir o custo, íntegro (100%) ou parcial (60% ou 40%), da praza de comedor escolar dos centros públicos do Concello de Oleiros nos que o servizo de comedor é xestionado polas ANPAS e teñen asinado un convenio para a xestión destas prestacións coa concellería de Servizos Sociais e Igualdade.

A efectividade da prestación de apoio ao comedor escolar concedida estará sempre condicionada á dispoñibilidade por parte da ANPA de prazas no comedor de cada centro.

O importe da axuda farase directamente ás ANPAS, mes a mes, tras a certificación da asistencia ao comedor do alumnado beneficiario tal e como se establece nos convenios. Naqueles casos nos que a axuda non sexa íntegra, e sexa solo do 60% ou do 40%, a contía restante ata o coste íntegro do comedor deberá aboalo directamente a familia.

As familias beneficiarias deberán cumprir os requisitos xerais e económicos establecidos na ordenanza. Os límites de ingresos mensuais na unidade familiar, unha vez descontados os gastos establecidos na ordenanza en función dos conceptos e do número de persoas da unidade familiar, quedan recollidos na seguinte táboa.

Nº PERSOAS	AXUDA 100%	AXUDA 60%	AXUDA 40%
	LÍMITE DE INGRESOS	LÍMITE DE INGRESOS	LÍMITE DE INGRESOS
2	708,00 €	1.308,00 €	1.608,00 €
3	840,00 €	1.440,00 €	1.740,00 €
4	996,00 €	1.596,00 €	1.896,00 €
5	1.068,00 €	1.668,00 €	1.968,00 €
6	1.140,00 €	1.740,00 €	2.040,00 €
7	1.212,00 €	1.812,00 €	2.112,00 €

As solicitudes xunto coa documentación necesaria deberán presentalas nos rexistro establecidos a este efecto.

LUGARES DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES:

REXISTRO XERAL DO CONCELLO: Praza de Galicia 1 - Oleiros. Horario de 8.30 - 14.00h.
CASA ECHEVERRY: Avenida Ernesto Che Guevara 45 - Perillo. Horario de 9.00 - 14.00h.